



ACTA DE CONSTITUCION DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DE "EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA DO CENTRO INTERFEDERADO DE TUI".

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás doce horas e trinta minutos do día 26 de xuño de 2014, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por D. Moisés Rodríguez Pérez, actuando como vogais, a interventora acctal. Dª Eulogia Paramos Estévez, por ausencia do titular D. Aitor Iglesias Monzón, a secretaria do concello Dª Irene Suárez López, o animador deportivo municipal D. Diego Fernández López e o concelleiro de facenda e patrimonio D. Marcelino E. Cendón Vázquez, actuando de secretaria da Mesa a funcionaria Dª María Jesús Blanco Martínez.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Tui, en sesión celebrada o 3 de abril de 2014, acordou aprobar a contratación de "Explotación de cafetería do Centro Interfederado de Tui", cun cánon mínimo anual de 4.128,10€ máis IVE e unha duración da explotación de dous anos, prorrogables por outros dous.

Publicado anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia e Perfil do Contratante con data 24 de abril 2014, remata o prazo de presentación de propostas o día 9 de maio de 2014. Presentada alegación por María Mercedes Martín Rodríguez á referida licitación, pola Xunta de Goberno Local celebrada o día 15 de maio 2014 acórdase estimar a alegación presentada e abrir un novo período para a presentación de ofertas, así como corrixir a cláusula 7ª do prego de cláusulas administrativas e proceder a notificar, de xeito individual, o acordo aos licitadores que se presentaron, aos efectos de que sexan coñecedores do acordo, no que poida afectar á súa oferta.

Se procede á publicación no Boletín Oficial da Provincia e Perfil do Contratante de corrección e nova apertura de prazo para presentación de propostas, rematando o día 21 de xuño de 2014, así como se notifica a tódolos presentados á anterior convocatoria.

Unha vez finalizado o prazo de convocatoria, se presentan á licitación aos seguintes:

Primeira convocatoria

R.E. nº 3835 de 08/05/2014.- Ismael Sandez García, con enderezo en r/ Maristas, nº 34-2ºE. 36700 TUI.
R.E. nº 3866 de 09/05/2014.- María José Viana González, con enderezo en Randufe-Estrada, nº 51. 36713 TUI.
R.E nº 3875 de 09/05/2014.- Hector Manuel Ramirez Alvarez, con enderezo en Guillarei-Gándara, nº 5b. TUI

Segunda convocatoria

R.E. nº 5120 de 16/06/2014.- Maria José Viana González, presenta documentación para que se achegue á presentada anteriormente.
R.E. nº 5318 de 20/06/2014.- Victoria Eugenia Martín Rodríguez, con enderezo en Rebordans-Pexegueira, nº 3. TUI.
R.E. nº 5321 de 21/06/2014.- Hector Manuel Ramirez Alvarez, presenta nova documentación a engadir á presentada.
R.E. nº 5322 de 21/06/2014.- Carlos Moroño Montes, de Tui.
R.E. nº 5323 de 21/06/2014.- Caros Alberto Estévez Gómez, de Tui.

Acto seguido, pola Mesa de Contratación se procede á apertura do sobre A "Documentación Administrativa" dos licitantes presentados. Comprobados os documentos aportados polos licitadores, a Mesa de Contratación acorda admitir a tódolos presentados e convocar para a apertura do sobre b) documentación suxeita a valoración con criterios subxectivos - Memoria explicativa da prestación do servizo- en acto público, no Salón de Sesións, para o vindeiro día 30 de xuño, ás 13,00 horas.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.
O ALCALDE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Moisés Rodríguez Pérez

Asdo. Mª Jesús Blanco Martínez

VOGAIS:

A INTERVENTORA ACCTAL.

A SECRETARIA DO CONCELLO.

Asdo: Eulogia Paramos Estévez.

Asdo: Irene Suárez López.

O ANIMADOR DEPORTIVO MUNICIPAL

O CONCELLEIRO DE FACENDA E PATRIMONIO

Asdo. Diego Fernández López

Asdo. D. Marcelino E. Cendón Vázquez